

Texto e ilustracións: **PINTO & CHINTO**

Encadernado en cartón. 15x23,5 cm.

64 páxinas. Ilustracións en color.

Dispoñible en:

- Galego: "Contos para nenos que dormen deseguida". 7 Leguas. ISBN 978-84-8464-700-3
- Castelán: "Cuentos para niños que se duermen enseguida". 7 Leguas. ISBN 978-84-96388-94-9
- Portugués: "Contos para meninos que adormecen logo a seguir". 7 Leguas. ISBN 978-989-8205-46-9

Prezo: 13 €

## CONTOS PARA NENOS que dormen deseguida

**O vento esperta moi cedo e vai ao traballo.**

**O vento ten por diante unha dura xornada laboral ...**

**A primeira montaña que houbo no mundo era unha montaña moi ambiciosa.**

**A primeira montaña que houbo no mundo quería ser aínda máis alta do que era.**

**Púxose a crecer, a crecer...**

**Aquel día choveu tanto, caeu tal cantidade de auga que as cores de todas as cousas, de todas as plantas, de todos os animais e de todas as persoas se diluíron e desvaneceron. Todo se vía destinguido...**



Os contos para antes de durmir han de ser curtos; non como aquel conto tan longo que, cando se acababa de contar, xa era hora de que o neno fose ao colexio. Ou aquel conto longo no que os nenos quedaban durmidos pola metade e logo tiñan que soñar o final. Aínda que o conto máis longo que coñecemos é tan longo que cando se remata de contar, o neno xa é adulto.

Estes 28 relatos destacan non só pola brevidade, senón tamén pola súa agudeza narrativa, os xiros literarios e o gran sentido do humor. Son historias baseadas no *nonsense* que apostan pola orixinalidade e a chiscadela intelixente. Partindo da sinxeleza, sorprenden os lectores con cambios inesperados no curso dos acontecementos e finais que debuxan sorrisos, deixando un pouso de lectura gratificante, sacudindo a creatividade e invitando á reflexión.

David Pintor desprega as súas artes como debuxante e paisaxista, captor de momentos e situacións



[comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com) | [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

hilarantes, intérprete visual do talento literario de Carlos López. O resultado son estampas de liñas sinuosas e cheas de colorido, polas que perder a ollada e soñar con saltar ao plano do papel para percorrer os seus recunchos e ser partícipe das aventuras que transcorren nelas.

**PINTO&CHINTO:** David Pintor (A Coruña, 1975) & Carlos López (Boimorto, A Coruña, 1967)

David Pintor e Carlos López comezaron a colaborar como humoristas gráficos en 1993 e dende entón teñen colaborado en varios xornais. Na actualidade publican unha viñeta de humor diaria en La Voz de Galicia. Hoxe son xa a principal referencia da caricatura política en Galicia. Entre os seus galardóns de humor gráfico destacan o Curuxa do humor (Museo do Humor de Fene), o Haxtur (Salón Internacional do comic de Oviedo), e o Hermés (concello de Barakaldo). En 2001 inician a súa exitosa incursión na literatura infantil. Despois de máis de 20 libros, convertéronse nuns dos autores máis premiados e prolíficos de Galicia, con diversos recoñecementos: premio Merlín, premio Raíña Lupa, selección na Feira Internacional de Boloña en 2007 e 2010, selección na Bienal Internacional de Bratislava, premio Pura e Dora Vázquez, premio Frei Martín Sarmiento, nominacións nos premios da AGE, e selección na mostra internacional 'Sueños en papel' en México.

- **Temática:** 28 relatos curtos de ficción
- **Idade recomendada:** dende 7 anos
- **Aplicacións:** escrita creativa, xogos de palabras, humor, concepto de *nonsense*